

Programa de préstamo de bicicletas da UDC

Avaliación do servizo durante o curso **2023/2024**

Índice

1. O programa de préstamo de bicicletas da UDC
2. Distribución das solicitudes e das bicicletas entregadas
3. A opinión previa das persoas usuarias
4. Valoración do servizo polas persoas usuarias
5. O estado das bicicletas devoltas
6. Conclusión

1. O programa de préstamo de bicicletas da UDC

O préstamo de bicicletas é un programa que leva a cabo a Oficina de Sustentabilidade (OdS)¹ da Universidade da Coruña (UDC) coa colaboración da Asociación por unha Mobilidade Responsable Mobi-Liza.

Con este programa de préstamo preténdese fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte entre a comunidade universitaria, especialmente como medio con que poder desprazarse á UDC.


Deste xeito, proporciónaselles a bicicleta completamente equipada ás persoas que así o soliciten. Paralelamente realízanse programas formativos e informativos que pretenden facilitar e incentivar o uso efectivo das bicicletas concedidas.

Durante os meses de verán pásase unha revisión de mantemento básico, coa finalidade de estaren en circulación para o seguinte curso académico. Ademais, cóntase co apoio de Reciclos, un taller social autoxestionado, ao que as persoas usuarias poden dirixirse durante o primeiro mes de préstamo e poñer a punto a bicicleta ou completar detalles da revisión en caso de necesidade. En Reciclos son as persoas de Mobi-Liza que axudan a reparar a bicicleta, formando en mecánica da bicicleta ás persoas que alí acoden.

¹ OdS desde 30/04/2024, antes Oficina de Medio Ambiente (OMA).

2. Distribución das solicitudes e das bicicletas entregadas

O parque dispoñíbel no curso 2023/2024 foi de 67 bicicletas convencionais, 35 bicicletas plegables e 18 eléctricas.



Dispúxose dun total de 120 bicicletas de préstamo en uso de cesión para o curso académico, coas seguintes características:

- Grande normal. Gotty Alegre, 21 velocidades.
- Mediana normal. Gotty Top26, 6 velocidades.
- Plegable. Conor Autumn, 8 velocidades.
- Plegable. Conor Denver, 6 velocidades.
- Eléctrica (e plegable). SK8 Urban Beetle.



Convencional 21V



Convencional 8V



Plegable 6V/8V



Eléctrica

A concesión das bicicletas foi realizada por orde de solicitude, a través da pasarela de pago UDC-Xest, como en anos anteriores.

Cos datos recollidos das solicitudes e das enquisas de valoración realizadas polas persoas que participaron neste programa, fíxose a análise do funcionamento do servizo, tanto no relativo á efectividade en relación aos obxectivos propostos, como no relativo ao grao de satisfacción acadado polas persoas usuarias.

O interese polo programa de préstamo de bicicletas da UDC estivo equilibrado entre xéneros, sendo lixeiramente maior entre as mulleres, que representaron o 52% da demanda global. O alumnado foi o grupo principal usuario do servizo de préstamo de bicicletas, cómpre tamén indicar que é o mais numeroso da comunidade universitaria. Representou o 60% das persoas usuarias de bicis. En canto no recuento de tipos de bicis utilizadas polas persoas usuarias foron: 44% normais, 37% plegables, 19% eléctricas.

1. Xénero

Muller	38
Home	32
Non me representa	2




3. A opinión previa das persoas usuarias

Ao comezo do servizo as persoas usuarias cubriron unha enquisa para coñecermos a súa opinión sobre a bicicleta como medio de transporte. Recolléronse 58 respostas das persoas usuarias de bicicletas convencionais e pregables e de 14 persoas usuarias na modalidades eléctrica.

Procedencia

As persoas usuarias tiveron coñecemento do préstamo de bicicletas da UDC vía correo-e principalmente, seguido de a través do sitio web e a través dun compañeiro, sendo outras vías anecdóticas para dar a coñecer este servizo.

17. Cómo coñeciches este programa?



A maioría das persoas que cubriron a enquisa teñen como residencia habitual A Coruña, hai sete persoas de Ferrol e 13 de outras localidades, principalmente arredores da Coruña.

3. Residencia habitual




Hábitos de mobilidade

O patrón de mobilidade nos desprazamentos urbanos é case o mesmo para as persoas usuarias de calquera modalidade de bicicleta. A maioría das persoas que completaron a enquisa din ir a pé diariamente ou con frecuencia seguido do bus e automóbil.

Respecto á frecuencia de uso da bicicleta, pode deducirse que as persoas que polo xeral utilizan medios de transporte colectivo ou camiñan, pretenden achegarse a outro medio de transporte que ata agora non consideraran como factible, a bicicleta, ben sexa pola súa sensación de perigo, o custo de adquirila ou a falta de infraestruturas adecuadas.


8. Uso habitual dos medios de transporte



A percepción da bicicleta como medio de transporte

Pasamos agora a analizar a percepción que se ten da bicicleta e a súa comparación fronte a outros medios de transporte, en relación a unha serie de parámetros definitorios. A inseguridade a montar en bicicleta, compénsase con máis da metade das respostas que non teñen esa sensación. No relativo a percepción no efecto do uso da bici sobre a saúde, ao medio ambiente (tráfico) e en global á calidade da vida urbana, a totalidade de respostas foron positivas.

11. Como valoras o emprego da bicicleta nos desprazamentos urbanos comparado con outros medios de transporte?



A opinión das persoas participantes na enquisa sobre a capacidade da bicicleta para substituír o coche na cidade, mostra unha tendencia cara á posibilidade real de substitución. Ningunha persoa considerou que o coche é insubstituíbel, co que **nesta cuestión se percibe unha sensibilización da futura comunidade ciclo-usuaria cara a mobilidade ecolóxica e sustentábel.**

12. Que opinas sobre a capacidade da bicicleta para substituír ao automóbil como medio de transporte na cidade?

● O coche é insubstituíble	0
● Só nalgúñas ocasións	13
● No 50% das ocasións	18
● Na meirande parte das ocasións	39
● Podería substituílo totalmente	2



O patrón de uso de bicicleta para deporte ou lecer incrementouse respecto ao ano anterior (15% ano 2024, fronte a 5% 2023), e é destacable que se reduciu a porcentaxe das persoas que manifestaron non ter utilizado nunca a bici para esta finalidade (25% ano 2023 fronte ao 17% actual).

13. Uso da bicicleta como medio de deporte ou lecer:



Na cuestión da intermodalidade, a interpretación nesta enquisa, por regra xeral é positiva, indica que hai boa combinación con outros medios de transporte.


14. Intermodalidade: como consideras a situación en canto a posibilidades de combinar a bicicleta con outros medios de transporte (bus, tren...):



A cidade da Coruña e o uso da bicicleta

No relativo a consideración da cidade da Coruña como máis ou menos idónea para o uso da bicicleta, as persoas enquisadas opinaron sobre aspectos tais como a meteoroloxía, a orografía, as distancias, o tráfico, a preparación urbana para o uso da bicicleta como medio de transporte, e a información relativa ao uso da bicicleta. As respostas gardaron relación coa percepción de anos anteriores: a xente é reticente ó uso da bicicleta debido a meteoroloxía. A orografía preséntanse como neutra e a as distancias percíbense como positivas. No tocante ao tráfico, recolleu percepcións dispares, probablemente debido á localización concreta das rutas de cada persoa.

15. Como valoras o lugar onde vives respecto ao uso da bicicleta:




16. Consideras que o teu Concello está:



4. Valoración do servizo polas persoas usuarias

Ao final do servizo, os usuarios cubriron unha enquisa para coñecermos o uso real que fixeran da bicicleta emprestada, así como a súa opinión ao respecto do servizo proporcionado pola UDC. Por tanto, estamos ante a medición, unha vez finalizado o préstamo, da efectividade real do servizo de préstamo de bicicletas. O número de enquisas recollidas no curso 2023/2024 foi de 42, que representan o 51% das bicicletas repartidas. En global deuse unha **puntuación media ao servizo de 4,36 sobre 5 puntos**.

4.36
Clasificación promedio



Cambio de percepción no uso da bicicleta

Ante a pregunta “Despois deste ano, ves á bicicleta como medio de transporte para os teus desprazamentos”, o 56% das persoas responderon na enquisa “máis ou moito máis”, case o 37% non cambiou a súa percepción previa, e un 7% expresou que o uso que lle darían á bicicleta sería “menos ou moito menos” que ao principio do curso.

8. Despois deste ano, ves a bicicleta como medio de transporte para os teus desprazamentos:

Moito máis	11
Mais	13
Igual	15
Menos	1
Moito menos	2




O uso que se lle deu á bicicleta

De todas as persoas que responderon á enquisa, case o 10% (9.8%), manifestou ter empregado a bicicleta a diario para ir á Facultade ou centro de traballo, e o 31.7% non foi nunca. Unha gran parte utilizou a bicicleta de forma esporádica (36.6%) e só un 22% a usou frecuentemente nos desprazamentos.

Mais si que a empregaron frecuentemente para os desprazamentos pola cidade (46.3%) e tamén como deporte/lecer (34%).


Enténdese que o esforzo de mellora nos equipamentos e a ampliación do carril bici polo Concello da Coruña, se traduce nun uso mais habitual da bicicleta. Aínda con dificultades para chegar a algúns campus da UDC, o sistema de préstamo constitúe una ferramenta esencial para aumentar a presenza da bicicleta entre os modos de desprazamento ao campus na situación actual. Se moitas persoas utilizan a bicicleta a diario ou frecuentemente para desprazarse pola cidade (53.6%) e da cidade aos campus (31.8%), esta frecuencia diminúe intensamente nos días de choiva, caendo ao 9,7% o seu uso. Isto aconsella que cando se imparten as sesións formativas, se incida no correcto equipamento para a choiva que permitirá o uso da bicicleta de forma cómoda.

Hábitos de mobilidade durante o período de préstamo:




Motivación da participación no programa e uso da bicicleta

As principais motivacións das persoas ciclo-usuarias neste curso para solicitar a bicicleta en préstamo da UDC foron, en primeiro lugar, a alternativa de desprazamento (43.9%) por eficacia e rapidez, escapar de conxestións de tráfico, etc, seguido da motivación para facer máis deporte ou mellorar a saúde (31%) e de coidado do medio ambiente (26%).




Entre os aspectos positivos citouse de diferentes formas a calidade do servizo cun 35.7% en canto a trámites, asesoramento e período de préstamo (curso completo). O aspecto positivo que mais se repetiu nos comentarios foi a economía do servizo (19%).

Aspectos Positivos del servicio de Bicis UDC



E por outra banda, o principal aspecto negativo mencionado foi o estado das bicicletas, en algúns casos deterioradas debido ao uso en cursos anteriores xa que non todas as persoas as coidan debidamente. Especificouse mal estado da bicicleta no 19% dos casos.

Aspectos negativos del servicio de Bicis UDC



5. O estado das bicicletas devoltas


O estudantado devolveu as bicicletas entre xuño e xullo, mentres parte do persoal puido optar por devolvelas en setembro.

O estado declarado das bicicletas devoltas (é dicir, que non inclúe todos os defectos que despois se detectan durante a revisión e posta a punto das bicicletas) foi bo ou con defectos menores.

O mantemento da bicicleta durante o curso


Na enquisa tamén se preguntou polo mantemento da bicicleta durante o curso, sendo o 28,6% as persoas que tiveron que facer algún tipo de arranxo e que consistiron fundamentalmente na posta a punto e mantemento por uso habitual:

4. Tiveches que realizar algunha reparación na bicicleta?



Na enquisa tamén se preguntou polo mantemento da bicicleta durante o curso, e as achegas que se recibiron foron que 12 persoas tiveron que facer algún arranxo na bicicleta, das cales o 50% foron inchar as rodas ou parchealas cando picaron, e o 33% foron axustes nos freos. Outras reparacións foron relativas á cadea (33%), aos cambios, ou ben a unha posta a punto xeral (25%)

Mantenimiento/Reparación de las bicicletas



Detectouse que respecto ao curso anterior se mantivo a percepción do estado das bicicletas, aumentando só no 1% as persoas que tiveron que facer algún arranxo na súa bicicleta, do que se pode entender que o estado gastado das bicicletas é o esperable despois de máis de 10 anos en uso continuado con diferentes persoas usuarias.

Durante o presente curso denunciouse o roubo de 2 bicicletas.

6. Conclusión

O servizo do préstamo de bicicletas preséntase como un instrumento eficaz para aumentar o número de usuarios deste medio de transporte dentro da comunidade universitaria, en especial no que se refire ao seu uso na cidade e tamén na mobilidade aos campus. As persoas usuarias sitúanse fundamentalmente entre o estudantado que cambia de domicilio durante o curso.

Os resultados desta análise indican que as persoas usuarias estimaron a posibilidade de obter a baixo custo unha bicicleta como unha boa oportunidade para comprobar a efectividade deste medio de transporte e medir tamén o uso real que poderían facer dela durante o ano académico.

Detéctase a conveniencia de completar o servizo de préstamo coa formación necesaria en canto a normas de circulación, ergonomía e mantemento da bicicleta, dado que a porcentaxe de novas persoas ciclo-usuarias é considerable, e tamén a información e formación relativa a como superar as dificultades asociadas á climatoloxía que se observa nas respostas. Obsérvase a dificultade de chegar aos campus por vías preparadas para a bicicleta.

Recolléronse comentarios positivos sobre dispoñibilidade dos modelos pregable e eléctrico, e tamén sobre a facilidade de forma de pago telemático, todas cuestións implementadas nos últimos cursos académicos.